

INSTRUCCIÓN PARA A SOLICITUDE DE AXUDAS

- **Beneficiarios:** poderán ser beneficiarias destas compensacións as familias con un ou máis fillas/os escolarizados en centros públicos xestionados pola consellería que teñan a condición de comensais gratuítos ou pagadores dun euro nas relacións de comensais correspondentes ao 31 de xaneiro de 2020.
- **Importe das axudas:** dous euros e cincuenta céntimos (2,50 €), nos casos de gratuidade total, e dun euro e cincuenta céntimos (1,50 €) nos casos de satisfacer un euro (1 €) pola prestación do servizo.
- **Efectos temporais:** días lectivos comprendidos entre o 16 de marzo e o 12 de abril. Eventualmente, para o caso dunha ulterior prorroga do estado de alarma, ampliaríase o prazo ata o día 1 de maio.
- **Prazo de presentación da solicitude:** do 31 de marzo ao 6 de abril, ambos os dous incluídos.
- **Forma de presentación da solicitude:** farase unha única solicitude por familia. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Alternativas en caso de que sexa imposible proceder da forma indicada anteriormente:

1. Descargar e cubrir dende esta páxina a “Solicitude en PDF”.
 - Cubrir a solicitude con todos os datos en maiúscula e letra lexible.
 - Escanar as dúas caras da solicitude ou, se isto non fose posible, fotografar as dúas caras.
 - Remitir os documentos obtidos, á maior brevidade e antes do vindeiro venres, ao correo electrónico de centro: ies.couto@edu.xunta.gal indicando no asunto do correo “Solicitude axuda comedor escolar”.
2. Enviar un correo electrónico ao centro (ies.couto@edu.xunta.gal) indicando no asunto do correo “Solicitude axuda comedor escolar” e aportando os seguintes datos:
 - Nome, apelido, DNI ou NIE e teléfono de contacto da persoa representante legal do alumnado (pai/nai/titor).
 - Nome, apelidos e curso de todos/as os/as alumnos/as ao seu cargo que son usuarios/as gratuítos/as ou semigratuítos/as do comedor escolar
 - IBAN (24 díxitos) de conta bancaria no que se quere recibir o aboamento da axuda.
3. Só no caso de que sexa imposible proceder de calquera das dúas alternativas anteriores: chamar por teléfono ao centro (Tfno.: 988 39 12 49) o xoves día 2 ou o venres día 3, en horario de 11:00 a 13:00 h, e facilitar todos os datos que se requiren na alternativa 2.

- **Resolución, prazos e pagamento:** Entenderase como medio de notificación da concesión o aboamento da compensación realizada pola Administración educativa na conta corrente do beneficiario. O prazo máximo para resolver será de 10 días desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O pagamento das compensacións realizarase logo da súa resolución, nun prazo máximo de 5 días